

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

1.DATOS BIOGRÁFICOS

1851: nace en Celanova (Ourense). Fillo dun escribán autoritario e tradicionalista
1866: foxe da casa paterna e tras pasar por Ourense, instálase en Madrid. Cursa Bacharelato e Dereito.
1869: escribe o seu primeiro poema en galego: “Cántiga”
1870: ten que exiliarse a Londres por mor dun artigo político
1871: casa en Madrid e traballa en distintos xornais
1875: participa, xunto con autores galegos en Madrid, na creación da sociedade **Galicia Literaria**.
1877: gaña o certame poético de Ourense con “A Virxe do Cristal”, “Unha voda en Einibó” e “O gueiteiro”. Establécese en Ourense como trballador de Facenda e xornalista.
1880: procesado e condenado a cadea e multa por algúns poemas de *Aires da miña terra*: “A igrexa fría”, “Mirando ao chau” e “Pelegrino a Roma”.
1881: gaña a apelación do proceso anterior na Audiencia da Coruña
1883: retorna a Madrid para traballar como xornalista e no concello
1893: é coroado polo Centro Galego de Madrid con motivo da súa fundación
1894: por persecución política emigra a México e á Habana. Traballa como xornalista. Vive as loitas independentistas e a guerra cos Estados Unidos.
1904: viaxa a Galicia e é coroado por segunda vez na Coruña. Retorna á Habana.
1908: morre na Habana. É trasladado á Coruña e enterrado nesta cidade.

2.POÉTICA E IDEOLOXÍA

- Curros foi o poeta máis lido e admirado do seu tempo
- Ideoloxía progresista: cantor do progreso: saber, educación, liberdade, adiantos técnico-científicos.

PROGRESO MATERIAL ==> CULTURA ==> LIBERDADE
ATRASO ==> IGNORANCIA, FANATISMO ==> OPRESIÓN

- O progreso é o que pode salvar as clases populares e, en consecuencia, ataca todo o que se opón a el.
- Laicismo e anticlericalismo, derivado da oposición que manifesta a igrexa fronte ao progreso
- Defensor da democracia burguesa que reflicte o ideario da pequena burguesía.
- Autor comprometido coa realidade, censurando todo o que non se adapte aos seus principios.
- Dúas etapas na súa obra:

·Ideoloxía democrático-burguesa, idealista, relativamente allea á realidade galega, chegando a defender a emigración como saída e dereito á liberdade de escoller traballo.

·Ideoloxía democrática e progresista, cada vez máis galeguista que se produce despois da súa marcha a Cuba.

3.A SÚA OBRA

-En galego:

·Comeza a súa obra coa famosa “Cántiga” en 1869 en Madrid. É unha composición moi simétrica cun xogo de contrastes de ascendencia romántica

·Poemas soltos en diferentes publicacións periódicas:

-en 1874: “A fouce do avó”, de carácter social

“A primaveira” e “A nena da fonte”, de carácter lírico

-en 1877: “Unha voda en Einibó”, “O gueiteiro” e “A Virxe do Cristal”

·Dous libros de poesía:

-en 1880: *Aires da miña terra* que conta con 17 poemas, entre eles: “Cántiga” e “Primaveira”.

-en 1881: na 2ª edición desa obra, aparecerán 6 poemas máis: “Ten a serena o canto”, “Diante dunha imaxe de Íñigo de Loyola”, “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, “Cartas perdidas”, “Crebar as liras” e “Emigración”.

-en 1886: na 3ª edición, aparecen 9 poemas máis, sendo a versión definitiva.

-en 1888: *O divino sainete*, alegoría satírica, parodia da *Divina comedia* de Dante

·En adiante, límitase a poemas de circunstancias:

-1892: “A Cristobo Colombo”

-1893: “Na apertura do Centro Gallego”

-1894: “Pola unión”

-1904: “Na tumba de Rosalía”, “Ao pobo coruñés”

-1907: “Alborada de Veiga”

·En prosa só escribiu o prólogo ó libro *Aturuxo* de Ramón Armada Teixeira (1897)

-En castelán:

·Poemas soltos:

-1874: “El dos de mayo”

-1874: “El maestro de Santiago”

·Unha novela:

-1878: *Paniagua y compañía. Agencia de sangre.*

·Algo de teatro e outras publicacións de diferente tipo

4.AIRES DA MIÑA TERRA (1880)

Nesta obra encontramos principalmente tres tipos de liñas temáticas: poesía cívica e social, poesía costumista e poesía intimista.

POESÍA CÍVICA E SOCIAL

- Curros cría na función social da poesía, de aí a concepción cívica da mesma
- A imaxe que de si mesmo tiña Curros era a de poeta cívico. O poeta ten que servir á humanidade, ser o guía do pobo, o profeta comprometido socialmente.
- Dentro desta ideoloxía debemos distinguir dous tipos de poesía:

A)Aquela en que o poeta expón directamente o seu pensamento, a súa ideoloxía, atacando o fanatismo, o escurantismo, a ignorancia, a inxustiza e a opresión en xeral e cantando o progreso e a liberdade que el identifica coa cultura, a sabedoría e o benestar económico.

Combate:

-a Igrexa, non como unha cuestión de índole persoal ou de fe, senón como unha cuestión ideolóxica que o enfronta aos principios escurantistas, supersticiosos e opresores da Igrexa, en contraste co pensamento progresista do século XIX, xa que a Igrexa se situaba claramente cos potentados da sociedade e non se abría ao progreso: “Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola”, “Pelegrino a Roma”, “No convento”, “A igrexa fría”,... Manifesta claramente o anticlericalismo.

-a administración de Xustiza e o mundo da burocracia administrativa en xeral, como institucións que usan o poder para o proveito persoal e alienación dos pobos: “Mirando ó chau”, “Crebar as líras”, “Apalabra”,... Critica a inxustiza e pon de manifesto o anticaciquismo.

Ás veces fai unha mestura de canto ao progreso técnico e á liberdade e de crítica social: “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”,...

Outras, expón verdadeiro amor e culto á liberdade: “Alborada”,...

B)Poesía social relacionada con Galicia. Poesía agrarista na que o poeta observa a situación de penuria do campesiñado provocada por:

- o inxusto reparto da terra
- o pago de foros e outros impostos
- o abandono do medio rural
- o caciquismo
- os excesivos aranceis sobre algúns produtos como o sal, imprescindible para a conservación de alimentos

que os obriga a emigrar.

Algúns poemas deste grupo son:

- ”A Virxe do Cristal” onde critica a nobreza que explota ao labrego
- ”As cartas” onde presenta o problema do contrabando, contrabando de miserias
- ”O último fidalgo”, ocúpase da decadencia da fidalguía rural
- ”Cartas perdidas” e “O vento”, onde ataca o clero
- ”Cántiga”, onde describe dolorosamente a emigración
- ”Nouturnio”, mostra como un vello tivo que vender todo para pagar os impostos
- ”O gueiteiro” e “O Maio”, poesías festivas nas que non pode evitar a visión crítica do seu entorno
- ”A emigración”, ataque frontal contra os que considera culpables deste feito
- ”Ós mozos”, onde observa a situación de miseria no medio rural
- ”Introducción”, reivindica a lingua galega

POESÍA COSTUMISTA

Curros nunca foi un verdadeiro poeta costumista en estado puro. Aproveita sempre para a denuncia social. Segue o modelo rosaliano de poesía popular, fai descrições, diálogos, evocacións da fala popular que á parte do seu interese etnográfico, denotan o amor polo autóctono e popular. En moitos casos, a referencia a un motivo folclórico é accidental e serve para introducir un ambiente que logo é tratado desde unha perspectiva diferente: “O Maio”.

Rasgos costumistas obsérvanse en “Unha voda en Einibó”, “O gueiteiro” e “A Virxe do Cristal”.

“Unha voda en Einibó”

Curros recrea unha voda popular. O máis importante é a descripción. Consta de catro romances:

- describe o noivado dunha moza e o un mozo do lugar
- a cerimonia do enlace matrimonial
- o xantar na casa do noivo
- o baile despois do xantar

“O Gueiteiro”

Describe este personaxe típico, prototipo das virtudes da raza. Inspírase claramente en Rosalía, non obstante, o de Rosalía é un Tenorio, mentres que o de Curros é un virtuoso da gaita.

“A Virxe do Cristal”

Curros escolle unha lenda tradicional en Celanova. A lenda da Virxe do Cristal, un milagre realizado pola Virxe para salvar a honra dunha rapaza namorada.

POESÍA INTIMISTA

Non abundan as composicións líricas, expresións da súa intimidade, do seu subxectivismo. O feito de non atoparmos poesía lírica nel vén dado pola súa propia poética, é dicir, pola función eminentemente social da poesía ao servizo da humanidade. Por iso, parecíalle que a poesía lírica era egoísta, centrada nunha individualidade.

Dentro deste tipo de poesía podemos atopar composicións de temática familiar:

- expresando o amor filial: “Na morte da miña nai”, o máis longo poema intimista de Curros
- o amor paternal: “Ben chegado”, onde celebra o nacemento do seu primeiro fillo e “¡Ai!”, elexías nas que expresa a súa dor pola morte dun fillo.

Tamén no poema que compuxo para o enterro de Rosalía, “A Rosalía”, no que expresa a súa angustia e desesperanza.

5.O DIVINO SAINETE (1888)

Curros considera que é a mellor das súas obras.

Trátase dunha obra de forte contido crítico e satírico.

Estruturalmente é unha parodia de *A divina comedia* de Dante. Curros sitúa a acción a bordo dun tren no que el, guiado por Francisco Añón, se dirixe a Roma para gañar o Xubileo. A intención irónica e satírica está clara desde o comezo da obra.

O tren en que o poeta viaxa a Roma está formado por sete vagóns, en cada un dos cales viaxa un pecado capital (preguiza, envexa, gula, ira, luxuria, avaricia, soberbia). Curros, guiado por Añón, visitaos todos e vai encontrándose neles con todos os seus opoñentes e inimigos (literarios, ideolóxicos, políticos,...) Chegando a Roma, Curros entrevístase co Papa e consegue del a promesa de que abandonará as riquezas da Igrexa e remata ironicamente dicindo:

“E eu, do que vin parvo e mudo,
desde entón creo... ou non creo...
Pero dudar, ¡xa non dudo!”

Esta obra ten un carácter cómico-burlesco, caricaturiza os personaxes e presenta as liñas temáticas seguintes:

- Sátira anticlerical: ataca os vicios dos mandatarios eclesiásticos: Papa, bispos,...
- Sátira literaria: lamenta o trato que se lle dá ás glorias literarias do país, ao mesmo tempo que ridiculiza aos seus inimigos persoais e literarios.
- Sátira de costumes: descobre os vicios humanos.
- Sátira social: relata a situación da vida galega do seu tempo, exemplificada nos labregos.

6.LINGUA, ESTILO E MÉTRICA

Tanto a lingua como os recursos e a métrica están ao servizo da mensaxe ideolóxica da súa poesía.

Coma os seus coetáneos, Curros parte da lingua popular, no seu caso a falada na súa Celanova natal.

O seu idioma é menos elaborado e culturizante ca o de Pondal, pero máis depurado de castelanismos e rico ca o de Rosalía.

O estilo de Curros é sinxelo e directo. Non utiliza grandes recursos retóricos, máis ben válese de elementos populares como: o símil, o paralelismo, a anáfora, a antítese, a metáfora, a ironía, a reduplicación,... Utiliza unha adxectivación pouco innovadora (tristes salaios, noite calada,...) e emprega o denominado **simbolismo inverso**, que consiste en idealizar a realidade en exceso a través de elementos relixiosos (a locomotora é unha Nosa Señora de ferro e o Cristo dos tempos modernos) ou en facer cotiáns os elementos idealizados (Dios vai vello e ten reuma,...)

Na métrica tamén é conservador. Utilizou os metros vixentes na súa época e, como notable versificador que é, combina versos de raíz popular e de orixe culta.

7.SIGNIFICADO DA OBRA DE CURROS

Unha parte da crítica valorou a Curros como un auténtico poeta cívico sempre fiel ao seu ideario. Outra parte da crítica considerou que Curros non se realizou como poeta por querer ser ante todo un propagandista ideolóxico. De calquera xeito, Curros é o autor que presenta un claro compromiso social cos menos favorecidos desde unha perspectiva galeguista e progresista.

Curros axuda a consolidar o galego como lingua literaria e denuncia tanto os problemas estritamentegalegos como as inxustizas comúns a toda a humanidade. Esta temática social será continuada no século XX por autores como Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro.

8.OUTROS AUTORES DO REXURDIMENTO

Aínda que non tiveron a orixinalidade de Rosalía, Pondal e Curros, houbo outros escritores contemporáneos ou posteriores, que foron os continuadores no labor de recuperación do noso idioma e da nosa cultura.

Na poesía destacan Valentín Lamas Carvajal (*Saudades gallegas*) e Manuel Leiras Pulpeiro (*Cantares gallegos*).

Na prosa salientamos a Marcial Valladares, autor da primeira novela en galego (*Maxina ou a filla espúrea*) e Antonio López Ferreiro, autor de novelas históricas (*A tecedeira de Bonaval*, *O castelo de Pambre*).

No teatro, Francisco M^a de la Iglesia (*A fonte do xuramento*) e Luguís Freire (*A ponte*).